

Nunha das citas coas que Antonio García Teijeiro comeza unha das súas últimas achegas á literatura galega, afirma que a música é aire sonoro. Un aire sometido a acordes, rima, ritmo, compás, melodía e tempo capaz de trasladarnos a espazos cordiais, despertar emocións, revivir lembranzas ou sacudir conciencias. Basta unha nota ou un acorde para camiñar polo ronsel que deixa a arte de combinar sons, para sentir o recendo do aire.

O autor, impregnado desa sensibilidade sensorial, constrúe poesía considerando o diálogo entre a riqueza, o pracer e o equilibrio que a música achega e a capacidade evocadora das palabras.



*R e -
cendo de
aire sonoro*, por
unha banda, apela aos

Acordes cordiais

Apelando aos sentidos

MARÍA NAVARRO

sentidos mesturando percepcións e por outra, chega a converterse nunha extraordinaria homenaxe aos instrumentos capaces de producir sons agradables e evocar fermosos textos.

Viola, violoncelo, arpa, violín, trompeta, trombón, frauta, óboe, tuba, fagot, timbal, gaita e guitarra, feitos personaxes, desfilan polas páxinas do poemario e non o fan sós, acompañanos as flores, as nu-

bes, as andoriñas, as ondas do mar e mesmo os amores para crear unha atmosfera de benestar e dende aquí disfrutar da orquestra que temos ao noso redor. De modo que a viola chora, a arpa treme, o violoncelo racha o silencio, o óboe quéixase e a gaita láiaase para amosar a humanidade que inspiran estes trebellos marabillosos.

A poesía, como combinación harmónica de palabra e son, convértese nunha das manifestacións máis primitivas e xenuinas do ser humano. Favorecer a súa interiorización é un agasallo para os cativos e con este volume témolo doado.

GARCÍA TEJEIRO, Antonio, Recendos de aire sonoro (Ilustr. Fino Lorenzo), Ed. Xerais, Vigo, 2011, PVP 10 €